

Concello de Covelo

VII CAMPUS MULTIDEPORTE VERÁN 2024 – CONCELLO DE COVELO

O Servizo de Deportes do Concello de Covelo está traballando na organización do VII Campus Multideporte que se celebrará nunha semana intensiva de deporte ao remate do colexio nas vacacións do verán de 2024.

Ditas actividades están destinadas a nenos e nenas de 8 a 15 anos e desenvolveranse nas instalacións deportivas do colexio Público Antonio Blanco Rodríguez, Campo de Fútbol Municipal de Covelo, pavillón municipal, pista multideporte, instalacións do centro ecuestre de Paraños-Covelo en horario de mañá segundo as necesidades organizativas e a dispoñibilidade das instalación e actividades.

Realizaranse actividades de iniciación ao pádel, tenis, mini basket, fútbol sala, fútbol e xogos que serán impartidas por monitores e técnicos con ampla experiencia e debidamente formados e acreditados, tamén unha nova actividade que será novidade este ano, unha mañá no centro ecuestre de Paraños-Covelo na que os nenos e nenas falarán da prevención e riscos no trato cos cabalos, alimentación, falarase de como montar e montarase a cabalo co material necesario, preparación dos cabalos, pintado de ferraduras, gynkana e xogos grupais no centro.

Con estas actividades pretendemos acadar os seguintes obxectivos: fomentar a práctica de distintas modalidades deportivas entre a poboación mais nova como hábito saudable de mellora da condición física, socialización e integración en comportamento de grupos e equipos, mellora de técnicas e capacidades individuais nas distintas modalidades deportivas.

VI CAMPUS MULTIDEPORTE 2024			
CONCELLO DE COVELO			
<i>Instalacións</i>	Varias do concello de Covelo e externas.		
<i>Actividades</i>	Coñecemento xeral do cabalo con unha mañá en contacto cos cabalos no Centro Ecuestre Paraños, fútbol, basket, ruta,...		
<i>Calendario</i>	<u>Inicio</u>	<u>Fin</u>	<u>Total</u>
Datas	24.06.24	28.06.24	5 días
<i>Nº de nenos</i>	<u>Mínimo</u>	<u>Máximo</u>	<u>Idades</u>
Inscripcións	15	27	6-15 anos
<i>Gastos</i>	<u>Base</u>	<u>TOTAL</u>	CUSTOS APROXIMADOS XA QUE A ACTIVIDADE É POR CANTIDADE DE PARTICIPANTES
1. Xornada centro Ecuestre Paraños	700,00 €	847,00 €	
2. 1 minibus para actividade 1	318,18 €	350,00 €	
3. Actividades varias, basket, tenis, pádel, fútbol sala, xogos,...	Incluído no prezo dos monitores	Incluído no prezo dos monitores	



Concello de Covelo

4. Monitores para os 5 días.	1.114,40 €	1.348,42 €
5. Materiales (camisetas técnicas e mat. Diferentes)	500,00 €	605,00 €
Total		2.632,58 €
IVA 10 %		31,82 €
IVA 21%		486,02 €
Totales		3.150,42 €

Coste total da actividade Campus Multideporte 2024: **3.150,42 € IVA INCLUÍDO**
Dita Actividade será subcontratada na súa totalidade.

O Alcalde.
Juan Pablo Castillo Amigo

